


A Coruña, 31 de Marzo de 2008

A Secretaría Xeral

Mesa do Claustro da Universidade de A Coruña
Reitoría da Universidade de A Coruña



SOLICITUDE DE ADICIÓN DUN NOVO PUNTO DA ORDE DO DÍA DO CLAUSTRO

Os/as abaixo asinantes, reunindo a condición de claustrais do Claustro da Universidade de A Coruña, e representando alomenos o 5% dos/as membros do citado órgano; tal e como recolle o artigo 12, apartado 4 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro da udc, e con domicilio común a efectos de notificación no local de estudantado na Facultade de Dereito sn, Campus de Elviña, 15071, A Coruña

"Artigo 12. Das convocatorias do Claustro

4. A presidencia propondrá a orde do día, que deberá ser aprobada pola Mesa do Claustro. Nela deberán incorporarse ademais aqueles puntos que sexan solicitados, cando menos, polo vinte e cinco por cento dos membros da Mesa ou que fosen previamente solicitados por escrito polo cinco por cento dos membros do Claustro. Tamén se poderá fixar nela a duración máxima de cada xornada"

SOLICITAMOS,

Sexa engadido un novo punto da orde do día para o Claustro que será o seguinte:

" Aprobación, se procede, do posicionamento do Claustro da Universidade de A Coruña sobre a subida de Taxas Universitarias do curso 2007-2008"

Solicitamos, ademais, que este punto sexa debatido e votado.

E para que así conste aos efectos oportunos, asinamos a presente en,

A Coruña, 31 de Marzo de 2008

Os representantes de estudantes abaixo asinantes instan á Universidade da Coruña a posicionarse en contra da suba das taxas, a favor dunha conxelación das mesmas, da eliminación dos incrementos da segunda e terceira matrícula e a redución dos mesmos a partir da cuarta.

A suba reflectida no Decreto de prezos públicos publicado no DOGA nº 137 a data de 16-07-2007 é dun 4% con respecto á primeira matrícula, 15% no caso da segunda, 35% no caso da terceira e dun 50% a partires da cuarta. O crédito non experimental na primeira matrícula pasou de 8,64 a 8,99, e no caso do crédito experimental de 12,23 a 12,72. Na segunda o non experimental pasou de 8,64 a 10,33, e o experimental de 12,23 a 14,63. Na terceira o crédito non experimental pasou de 10,80 a 12,13, e o experimental de 15,29 a 17,17. Finalmente, no caso da cuarta e sucesivas o crédito non experimental pasa de 10,80 a 13,48, e o experimental de 15,29 a 19,08. Este é o sexto ano consecutivo de suba das taxas de matrícula por riba do IPC, sendo esta suba 1.6 puntos por riba do estatal e 2 puntos por riba do galego. Dita suba non leva consigo un incremento de bolsas que a compense, e tendo en conta que son a única política educativa redistributiva coa que contamos, estanse reducindo as posibilidades de igualdade no acceso e continuidade na universidade pública. Tampouco leva parella unha mellora dos servizos da universidade, que nos últimos anos tende á súa externalización, caso das reprografías, comedores, aulas de informática..., o que vai polo xeral en detrimento da calidade destes servizos.

Os representantes do estudantado da Universidade da Coruña consideramos que o financiamento dunha universidade pública debería ir con cargo os orzamentos xerais e non a través das taxas, xa que isto supón unha maior participación dos usuarios no seu financiamento, e polo tanto unha progresiva privatización do mesmo.